



Asociación Cívico-Cultural  
TERRA DE OUTES

Estimadas socias e socios:

Pola presente convocámosvos á vindeira **Asemblea Xeral EXTRAORDINARIA** da nosa asociación, que terá lugar o sábado 15 de outubro de 2014, ás 12:00 horas, en primeira convocatoria, e 12:30 horas, en segunda convocatoria. A asemblea terá lugar no noso local social de Outes (lugar de Outes), coa seguinte orde do día:

- Punto 1º.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
- Punto 2º.- Modificación do Punto 2 do Artigo 5º dos nosos Estatutos<sup>1</sup>.
- Punto 3º.- **Elección da nova Xunta Directiva.**

Seguindo o disposto no noso regulamento de réxime interno, anunciamos por este medio que o prazo para presentar candidaturas remata dez días antes da celebración desa asemblea, isto é: **o día límite para a presentación de candidaturas será o 5 de outubro.**

Unha semana antes da celebración da asemblea xeral extraordinaria procederemos a proclamar e publicar as candidaturas presentadas.

Queremos lembraros que calquera socia ou socio (con dereito a voto, que estea ao corrente das cotas e que leve máis dun ano na asociación) pode presentarse a cargos directivos.

---

<sup>1</sup> Contido actual do Punto 2º do Artigo 5º dos Estatutos:

"Artigo 5º.- (...)

2.- Para levar a cabo os seus fins, poderá a asociación organiza-las seguintes actividades:

a.- Deseñar plans de actuación ao longo do ano, que inclúan:

1.- Actividades lúdicas e do tempo de lecer, musicais, recreativas...

2.- Actividades de promoción cultural, histórico-artístico literaria e turísticas, como: presentación de libros, organización de xornadas, seminarios ou calquera actividade que teña que ver con elas.

b.- (...)"

Contido do Punto 2º do Artigo 5º dos Estatutos proposto pola Xunta Directiva:

"Artigo 5º.- (...)

2.- Para levar a cabo os seus fins, poderá a asociación organiza-las seguintes actividades:

a.- Deseñar plans de actuación ao longo do ano, que inclúan:

1.- Actividades lúdicas e do tempo de lecer, musicais, recreativas...

2.- Actividades de promoción cultural, histórico-artístico literaria e turísticas, como: presentación de libros, organización de xornadas, seminarios, cursos de formación do profesorado ou calquera actividade que teña que ver con elas.

b.- (...)"

Unha vez rematada a asemblea, xantaremos alí mesmo unha **paella**, ás 14:00 horas. **Para acudir ao xantar É PRECISO QUE CONFIRMEDES A VOSA ASISTENCIA –e digades se ides traer acompañante/s– antes das 22:00 horas do xoves, 13 de outubro,** no teléfono 634 416 574 ou no enderezo electrónico [terradeoutes@gmail.com](mailto:terradeoutes@gmail.com). O prezo por persoa estará arredor dos 10 € (menores de 18 metade de prezo e menores de 10 anos 1 €).

Se acaso vos fose imposible asistir á comida, pero non tedes impedimento para asistir á **presentación** do n° **36** da revista *Terra de Outes*, esta terá lugar despois do xantar, aproximadamente ás 17:00 horas, no mesmo local, onde estades todos/as invitados/as a tomar un café.

Despídese atentamente,

O secretario

Ramón Blanco Fernández

En Outes, a 26 de agosto de 2016